

Xoves, 21 de abril de 2022

Núm. 76

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIGO

#### Oferta de emprego público

*RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23/12/21 POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2021*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de abril de 2022, adoptou acordo de resolución do recurso de reposición iterposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 23/12/2021, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2021: prazas de sarxento de extinción de incendios (expediente 39314/220) no sentido seguinte:*

*Primeiro.-* Estimar parcialmente, en base o informe que antecede, o recurso presentado na data 25/01/2022, polo Sr. D. Marcos Lorenzo, con DNI \*\*1167\*\*\* contra o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión extraordinaria de 23/12/2021 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público para o ano 2021, (BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021), excluindo da referida Oferta de Emprego Público as catro prazas de Sarxento de Extinción de Incendios pola quenda de promoción interna.

*Segundo.-* Notificar o presente ao recorrente, ao Comité de Persoal, Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

*Terceiro.-* Ordénase a publicación do presente recurso no BOP e no DOG.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

BDP/pc

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (Decreto de Alcaldía de 16/4/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño.

